



Christiane

BELÉN PASQUALINI (Arxentina)

11 marzo, 20:00 h

Pazo da Cultura

Christiane. Un bio-musical científico é a vida de Christiane Dosne Pasqualini, unha figura fundamental a nivel internacional na investigación da leucemia. Christiane somérxenos na viaxe da súa protagonista, quen, cal amazona salvaxe, chega á Pampa arxentina en 1942, con bolsa, para sumarse ás filas do Premio Nobel, Bernardo Houssay. A súa paixón polos ratos de laboratorio e a súa vida, que atravesa boa parte do século XX, son dun vigor e dunha humanidade apaixonantes. Muller, científica, nai, esposa, Christiane. Un bio-musical científico é unha grande escusa para coñecer a unha muller única.

Intepretación e dramaturxia: Belén Pasqualini | Dirección musical e Música orixinal: Belén Pasqualini (agás "Smoke gets in your eyes" de Harbach/Kern) | Deseño de iluminación: Martín Fernández Paponi, Claudio Del Bianco | Ilustración e arte: Sofía Esparza | Fotografía: Angelo Bendrame | Deseño gráfico: Mery Pastore Camino | Dirección: Belén Pasqualini

Iphixenia na porta do súper

ESTREA ABSOLUTA

COMPAÑÍA HUMANA (Galicia)

17 marzo, 20:30 h

Pazo da Cultura



Iphixenia, unha rapaza de barrio que nin estuda nin traballa e que pasa os días nun bucle de alcohol e apatía roldando as rúas da súa vila. Unha noite coñece a un tipo distinto dos demais e comeza a sentir unha sensación estraña, como de non estar soa. A partir de aquí, unha serie de circunstancias alleas levará á protagonista a sufrir unha gran perda. Se no mito clásico Iphixenia era sacrificada polo seu pai Agamenón para contentar aos deuses e proseguir coa guerra de Troia, nesta traxedia dos nosos días é a propia protagonista quen decide sacrificarse e converter o seu sufrimento en xenerosidade cara á sociedade que a marxina.

Interpretación: Alba Caneda | Dirección escénica: Sara Rey Seoane | Espazo escénico: As dúas en punto (C. Casal e M^o Torres) | Iluminación: As dúas en punto (C. Casal e M^o Torres) | Vestuario: Compañía Humana | Son: Compañía Humana | Texto orixinal: Gary Owen | Tradución ao galego: Compañía Humana | Adaptación: Fran Peleteiro e Alba Caneda

Lorca en Nueva York

ALBERTO SAN JUAN (Madrid)

18 marzo, 20:00 h

Pazo da Cultura

Federico García Lorca viaxou a Nova York en xuño de 1929 e viviu oito meses na cidade. Foi testemuña do Crack do 29, a maior crise do capitalismo previa á actual. En 1930, volveu a España tras pasar unhas semanas en Cuba. Ese mesmo ano, deu unha conferencia na Residencia de Señoritas de Madrid na que presentou o libro *Poeta en Nova York*, escrito dura a súa viaxe.

Interpretación e dirección: Alberto San Juan | A banda: Claudio De Casas (guitarra) | Pablo Navarro (contrabaixo) | Gabriel Marijuan (batería) | Miguel Malla (saxo e teclados) | Iluminación: Raúl Baena | Fotografía: Miguel Pla



Feirantes

TEATRO DO NOROESTE (Galicia)

24 marzo, 20:30 h

Pazo da Cultura

Feirantes é un espectáculo teatral baseado nas narracións de Álvaro Cunqueiro recollidas no seu libro Os outros feirantes. Como se sabe, nestas narracións aparecen reflectidas as andaiñas de diversas e curiosas personaxes: aquel que falaba co seu cabalo; o outro o que lle falaban as cousas: as cadeiras, as zocas, a culler, o seu propio estómago; aquela voadora de Serantes que voaba sentada nunha banquetta; aquel Tristán García que morreu de tristura porque non atopou a súa Isolda; aquel Novagildo Andión que recorría as feiras co seu autobús, ou aquel que tiña un ollo de cristal que, como o oculista non tiña outro, deulle un de segunda man de cor violeta; ou aquela Anxeliña de Prado que naceu anana, pero cunha habilidade, bordar panos con lendas para os velorios.

Un espectáculo homenaxe á vaca e ás estrañas e curiosas personaxes que aínda habitan moitas aldeas de Galicia e tamén, porque non dicilo, un espectáculo homenaxe a Álvaro Cunqueiro.

Interpretación: Imma Antón | Dirección escénica: Eduardo Alonso | Música orixinal: Chefa Alonso | Iluminación: Eduardo Alonso | Producción: Eva Alonso | Adaptación escénica: Eduardo Alonso



The Witch, un espectáculo ritual

DIANA SIEIRA (Galicia)

25 marzo, 20:00 h

Pazo da Cultura

The Witch é unha invocación aos elementos. Unha palabra máxica. Unha liberación. Un espectáculo ritual que convida ao público a vivilo. Dentro, a Cómica, a Menciñeira e a Acusada entrelazan as súas historias a través da palabra, a imaxe e a acción para rematar nunha danza catárquica que as levará á fogueira (ou non). Pois as tres son unha. E unha son as tres. A Inquisición observa, pero neste ritual, o público é soberano.

Interpretación: Diana Sieira | Dirección: Natalia Pajarito | Espazo Escénico: Ezra Moreno | Vestuario: Anahí Taraburelli | Gravación de Son: Nacho Martín | Iluminación: Germán Gundín | Animacións: Isa Vila | Voces: Manolo Lourenzo, Marita Martínez

Entra en escena

ESTREA ABSOLUTA

PEGADAS CULTURALS (Galicia)

31 marzo, 20:30 h

Casa da Cultura

Entra en escena é un espectáculo de luces e sombras. Un percorrido de microteatro con catro pezas onde o espectador verá un reflexo de si mesmo en catro personaxes que loitan contra a opresión.

Loita, vinganza, resignación e evasión son os catro puntos clave en torno aos que xira esta experiencia teatral.

Interpretación: Sandra Martínez, Elvira Arranz, Luís Pérez e Alejandro Valcárcel | Dramaturxia: textos propios | Dirección: Juan Villar | Luz e son: Juan Villar | Producción: Pegadas culturais

Singular.

VIII Festival Internacional do monólogo teatral

Actividades paralelas

Taller teatro:
"Comportamentos corruptos" impartido por Marianella Moreno

L27 febreiro—X2 marzo, 16—22H
Auditorio Municipal

Charla:
"El teatro que no quiere olvidar" con Mariano Llorente

X23 marzo ás 20h
Café Teatro Pazo da Cultura

Rolda ne negocios:
"Encontro con programadores nacionais e internacionais (membros de redelae) e compañías de teatro galego"

S18 marzo de 11.30h—13.30h
Pazo da Cultura

Asamblea Redelae

D19 marzo de 10h—14h
Café Teatro Pazo da Cultura



Piano Blanco

ESTREA EN GALICIA

JIMENA GONZÁLEZ (Arxentina)

3 marzo, 20:30 h
Pazo da Cultura

En 1961, Marilyn Monroe foi internada por erro nun hospital psiquiátrico e, nas súas propias palabras, a súa estadía nese lugar foi unha das actuacións máis maravillosas da súa carreira. Conta a lenda que intentou facer saber o erro utilizando as súas ferramentas actorais, pero non foi até tres días despois que se recoñeceu a falta. Este suceso é quizais un dos feitos menos coñecidos da historia da actriz e nesta obra é ela mesma a que se sincera e narra coas súas propias palabras eses míticos e descoñecidos días de encerro. **Piano Blanco** é unha pausa musical cunha das celebridades máis grandes da historia e un encontro próximo cunha muller que se busca a si mesma.

Idea e interpretación: Jimena González | Libro e dirección: Marcelo Caballero | Música e letra: Juan Pablo Schapira | Pianista: Fernando Herrera | Técnico de luz, imaxe e son: Samuel Silva



Continente María

AINÉ (Galicia)

4 marzo, 20:00 h
Pazo da Cultura

Continente María é un canto á vida e ao teatro a través do diálogo coa extraordinaria figura de María Casares. Mediante as múltiples posibilidades que nos ofrece o teatro, evocamos a María non só como a inesquecible actriz que foi, senón tamén como o ser humano que se entregou con absoluta intensidade á vida e á escena para vencer o medo e sobrepoñerse ao exilio, descubriendo nas táboas a súa verdadeira patria. A Casares preséntasenos como un mapa a percorrer, mais non como turistas, senón como viaxeiras curiosas, gozando dos detalles que nos proporciona a súa paisaxe, chea de vitalidade e ganas de vivir en presente absoluto todo o que a realidade e a poesía nos pode ofrecer.

Dirección: Tito Asorey | Interpretación: Melania Cruz e Vadim Yukhnevich | Iluminación e audiovisuais: Laura Iturralde | Escenografía: José Faro "Coti" | Vídeo: Jairo Iglesias | Deseño de cartel e imaxe gráfica: Lidia Cao
Producción: Continente María é unha coprodución de Ainé Producións con A Quinta do Cuadrante, o Concello da Coruña e o Centro Dramático Galego



Señora de rojo sobre fondo gris

PENTACIÓN ESPECTÁCULOS (Madrid)

10 marzo, 20:30 h
Pazo da Cultura

Un pintor, con moitos anos no oficio, leva tempo sumido nunha crise creativa. Desde que faleceu de forma imprevista a súa muller, que era todo para el, practicamente non puido volver pintar. Estamos no verán e outono de 1975. A filla maior de ambos está no cárcere polas súas actividades políticas, e é nesas datas cando xorden os primeiros síntomas da enfermidade da súa nai que a filla vivirá desde dentro da prisión. Esta obra de teatro é o relato dunha historia de amor en camiño desenfreado cara á morte, que nos sitúa naquela España con trazos inequívocos, que nos fala da felicidade e da súa perda, e que chega á intimidade de cada ser humano, e á súa emoción, polo camiño recto e simple da verdade.

Interpretación: José Sacristán | Adaptación: José Sámano, José Sacristán e Inés Camiña | Dirixido e producido por: José Sámano. | Director técnico: Manuel Fuster | Técnico de iluminación e son: Manuel Fuster e Jesús Díaz Cortés | Xerente compañía e costureira: Nerea Berdonces | Maquinista e rexedor: Pepe González | Axudantes de produción: Pilara López "Pipi" e Mélanie Pindado | Secretaria de produción: Pilar Velasco | Voz de Ana: Mercedes Samprieto | Axudante de dirección: Inés Camiña / Son: Mariano García | Deseño de vestuario: Almudena Rodríguez Huerta | Deseño de escenografía: Arturo Martín Burgos | Deseño de iluminación: Manuel Fuster

Singular.

VIII Festival Internacional do monólogo teatral

3—31 de marzo 2023,
Pazo da Cultura de Narón

Segue a actualidade do Festival:

www.padroadodecultura.es
[facebook/padroadodeculturaconcellodenaron](https://www.facebook.com/padroadodeculturaconcellodenaron)
[@culturannaron](https://www.instagram.com/culturannaron)

